


Sumario | nº54 — Febreiro 2026

**OPINIÓN**

## *The End*



**ENTREVISTA**



Isabel Neira, directora da Escola de Doutoramento Internacional da USC

«O reto é continuar construíndo unha Escola de todas e para todas as personas que formamos parte dela»



**EDIUS**

**NOVAS**

O *Ráanking Times Higher Education 2026 by Subject* destaca á USC en once materias



**EDIUS**

**NOVAS**

Recoñecemento á traxectoria da profesora Eva Yebra Pimentel no 60 aniversario do Colexio Nacional de Ópticos Optometristas



**EDIUS**

**NOVAS**

Aberto o prazo para enviar propostas de cursos para a Universidade de Verán



**EDIUS**

**NOVAS**

Máis de 400 prazas dispoñibles no segundo período de matriculación para iniciar o doutoramento na USC



**ENTREVISTA**

Falamos coa doutoranda do Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria, Elena Niceas.

**EDIUS**

**NOVAS**

Terceira tempada da serie audiovisual 'Investigamos na USC'



**EDIUS**

**NOVAS**

Nace *Incuba Emprande*



A Academia de Ciencias Veterinarias premia un traballo do Campus Terra





**OPINIÓN**

## *The End*

**Pablo Taboada Antelo**

### **Querida comunidade de doutoramento:**

Chegou o momento de pechar a miña etapa como Director da Escola de Doutoramento Internacional da USC, tras case sete anos e medio, intensos e profundamente enriquecedores, culminados coas eleccións celebradas o pasado 21 de xaneiro. Quero aproveitar estas liñas no noso boletín para despedirme de vós dun xeito sinxelo: dando as grazas e compartindo algunhas reflexións sobre o camiño percorrido e os desafíos que quedan por diante.

Dirixir a Escola foi, sen dúbida, unha das responsabilidades máis esixentes que asumín na Universidade, pero tamén unha das máis estimulantes. Sempre crín —e así o repetín en moitas ocasións— que o doutoramento é o corazón estratéxico da nosa institución: onde se forma a substitución xeracional científica, onde se consolidan equipos e onde proxectamos ao mundo o mellor de nós. Ter contribuído a fortalecer ese espazo foi un auténtico privilexio.

Nestes anos, traballamos para consolidar un modelo académico e de xestión dos estudos de doutoramento máis ordenado, coherente e atento ás necesidades reais das nosas doutorandas e doutorandos. Non sempre o fixemos no contexto máis favorable: houbo numerosos cambios normativos, procedementos complexos e recursos limitados. Pero houbo, sobre todo, compromiso e vontade de mellora.

Os retos que veñen son importantes. A acreditación institucional debe ser unha oportunidade para simplificar, gañar en coherencia e reforzar o noso sistema de calidade, mellorando a monitorización e a avaliación continua dos programas de doutoramento. A reforma do apoio administrativo é xa inaprazable: centralizar a xestión na Escola e dotala de persoal técnico especializado non é unha cuestión organizativa menor, senón unha condición necesaria para ofrecer un servizo máis profesional e aliviar a carga que hoxe soportan coordinacións e comisións académicas.

Tamén deberemos seguir axustando a nosa oferta formativa, apostar pola interdisciplinabilidade e reforzar aquelas áreas onde a USC ten maior proxección. A substitución xeracional do PDI nos programas é tamén un desafío real que require planificación e unha aposta decidida pola incorporación de novo persoal docente e investigador que garanta continuidade, renovación e mellora da competitividade investigadora.

A internacionalización debe continuar medrando, focalizándose naqueles nichos estratéxicos para a USC e acompañada dun verdadeiro sistema de acollida que facilite non só a matrícula, senón tamén a integración académica e persoal de quen vén de fóra. E non podemos esquecer cuestións cada vez máis relevantes: o seguimento próximo do progreso doutoral, a formación en competencias transferibles, a empregabilidade e o benestar das nosas doutorandas e doutorandos.

Permitídemme agora o máis importante: as persoas.

Quero agradecer sinceramente ao Reitor Antonio López a confianza que depositou en min para encabezar a transformación inicial dos estudos de doutoramento e da súa organización, así como ás Vicerreitoras María Victoria Otero Espinar e María José López Couso, con quen compartín estes anos nun clima de colaboración leal e construtivo.

O meu recoñecemento máis fondo é para o equipo directivo que me acompañou.

O seu apoio constante, o seu criterio e a súa xenerosidade foron fundamentais en cada decisión e en cada dificultade. Moitas grazas, Eva, Dolores, Isabel, Miguel, Manolo, Eugenio e Juan.

Ás coordinadoras e coordinadores dos programas, grazas polo voso rigor, pola vosa paciencia, colaboración e por soste con responsabilidade o núcleo académico do doutoramento mesmo en momentos complexos.

E, moi especialmente, grazas ao persoal técnico e administrativo da Escola. A vosa profesionalidade, dedicación diaria e capacidade para resolver problemas —moitas veces en silencio e lonxe de calquera recoñecemento— son o verdadeiro soporte desta estrutura. Sen o voso traballo, nada do que fixemos tería sido posible.

Grazas tamén ás nosas doutorandas e doutorandos. A vosa enerxía, as vosas preguntas, a vosa esixencia e confianza deron sentido a cada esforzo.

Foi unha honra compartir este camiño con todos vós. Deixo a Escola coa convicción de que queda en excelentes mans e continuará medrando grazas a unha comunidade comprometida, responsable e chea de talento.

EDIUS NOVAS

## Isabel Neira, nova directora da Escola de Doutoramento Internacional da USC

Artes  
e Humanidades

Ciencias  
da Saúde

Ciencias  
e Enxeñarías

Ciencias Sociais  
e Xurídicas

Membros do novo  
Goberno da Escola  
[nesta ligazón](#).

Isabel Neira é, desde finais do mes pasado, a nova directora da Escola. A catedrática de Economía asume a dirección da Escola de Doutoramento Internacional da USC tras gañar as eleccións celebradas o 21 de xaneiro, substituíndo no cargo a Pablo Taboada Antelo. Neira estivo vinculada á Escola desde a súa creación no ano 2016, chegando a desempeñar o cargo de coordinadora de Actividades de Formación en Investigación.

A nova directora xa estivo á fronte da primeira reunión da Comisión Executiva, celebrada o pasado venres 30 xaneiro. Isabel Neira mantén no equipo ós mesmos su directores e subdirectoras da anterior etapa. Deste xeito, á fronte da área de Artes e Humanidades continúa Dolores Vilavedra Fernández; na de Ciencias e Enxeñarías, Eva Rodil Rodríguez; na de Ciencias da Saúde, José Manuel Cifuentes Martínez; e na de Ciencias Sociais e Xurídicas, José Miguel Túnhez López.

Un dos novos nomes da nova directiva da EDIUS é María Bastida Domínguez, quen asumirá a Secretaría Académica. Á fronte de Coordinación de Actividades de Formación en Investigación e do Programa de Mentoría seguirán por Tania Fernández Lombao e Carmela Martínez Bispo, respectivamente.

Como a propia directora asegura na entrevista que podedes ler a continuación, trátase dun equipo “continuista”, pero que traballará arreo para asumir novos retos. Un dos seus obxectivos é conseguir unha EDIUS aínda máis inclusiva que sexa de todos/as e na que todos/as participen. Ademais, Neira márcase como reto a formación de calidade, a inserción laboral e a internacionalización.

 [Ir ao sumario](#)

**ENTREVISTA**

Isabel Neira, directora da EDIUS



Isabel Neira

## **«O reto é continuar construíndo unha Escola de todas e para todas as personas que formamos parte dela»**

Isabel Neira xa foi nomeada directora da Escola de Doutoramento Internacional da USC, a segunda persoa que ocupará este cargo desde a súa creación no ano 2016. Isabel Neira substituirá a Pablo Taboada Antelo, a quen agradece o seu “legado” e terlle ensinado que “unha dirección como esta vai acompañada de traballo duro, horas de dedicación, empatía, paciencia e resiliencia”. Profesora da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, estivo ligada á EDIUS desde o comezo. O seu mandato coincidirá no tempo coa elección da primeira muller reitora da USC nos seus máis de 500 anos de historia. Sen dúbida, unha “oportunidade de asentar a identidade dunha institución moderna e que evoluciona co tempo”.

### **Que significa para vostede asumir a dirección da Escola de Doutoramento Internacional da USC neste momento?**

Significa un reto de enorme magnitude que implica compromiso e responsabilidade. Os estudos de doutoramento son a máis alta cualificación académica que unha persoa pode acadar; de aí a importancia de coidalos e de poñer o foco en todas as persoas que os fan posibles.

Esta etapa culmina un longo percorrido. Comecei esta singradura hai máis de sete anos na Escola de Sociais, primeiro coordinando as actividades formativas e despois na Secretaría, para agora dar un paso á fronte e dirixir a estratexia da Escola. De todas as etapas, a máis enriquecedora persoalmente foi a inicial —cando as reunións eran presenciais e definimos con Miguel Túñez máis de 500 horas de formación en 50 cursos—. Aquel momento permitíume entender que este era o lugar desde o que quería devolver á sociedade o que esta me deu, tras unha carreira académica que non sería posible sen as persoas que nos precederon e que dedicaron o seu tempo e esforzos a estas tarefas.

**Segunda persoa que dirixe a Escola desde a súa creación, en 2016, e primeira muller no cargo. Engade isto algún tipo de responsabilidade?**

No caso da EDIUS, continuar co labor que desenvolveu o seu director actual, Pablo Taboada, é o reto máis complexo. Traballar estes anos con todo o equipo, pero especialmente co director, ensinome a entender que unha dirección como esta vai acompañada de traballo duro, horas de dedicación, empatía, paciencia e resiliencia; ese é o seu legado, espero estar á altura. Suceder a un director coma el, tan apreciado e respectado, vai ser difícil, pero agardo dar a talla. O ambiente de traballo que logrou, tanto co persoal da Escola como cos diferentes órganos que a constitúen, é dunha calidade humana que temos que coidar e alimentar para darlle á Escola a identidade que buscamos: un centro de acollida e un lugar de encontro. Ese é o reto: continuar construíndo a escola de e para todas as que formamos parte dela.

**A súa dirección coincidirá no tempo coa elección da primeira reitora da USC en máis de medio século de vida. Cre que será bo para a institución?**

Creo que os cambios alteran as rutinas e formas de facer sen tocar a esencia. Poderíamos pensar en transformación, pero o resultado podería non ser o que buscamos. A chave agora mesmo é cara onde imos evolucionar nesta sociedade que muda tan rápido. Ser quen de adaptar unha institución de máis de 500 anos aos tempos. Como científica social e con traballos neste campo, diría que o feito de que esa evolución sexa liderada por unha muller non podía chegar en mellor momento, é a oportunidade de asentar a identidade dunha institución moderna e que evoluciona co tempo.

**Aínda que agora asume a dirección, estivo ligada á EDIUS desde o seu nacemento. Como foi o camiño andado até o de agora?**

Unha aprendizaxe persoal e profesional que me permitiu coñecer a persoas que me ensinaron que traballar por esta Universidade paga a pena. As persoas que coordinan os diferentes programas, as que de modo altruísta participan na formación e nas diferentes comisións como calidade, nos premios, comparten os valores do compromiso e da xenerosidade, comparten o seu tempo e coñecemento cos futuros doutores e doutoras, revisando a calidade das teses, compartindo o coñecemento nos cursos de formación, etc. son as que fan posible a Universidade con maiúsculas. Son grandes profesionais, persoas moi ocupadas que destinan tempo a esta faceta tan pouco recoñecida. Unha “tribo” que agora me apoia para seguir remando neste barco. Sen dúbida, un privilexio.

**Como valora o traballo feito neste tempo polo seu antecesor, Pablo Taboada, e polo resto do equipo?**

Durante estes primeiros anos, o esforzo principal foi construír a estrutura da EDIUS. Establecéronse as bases normativas mediante o regulamento de estudos e as diferentes normas que regulan a nosa actividade. Foi un traballo inmenso de todo o equipo, e dende logo especialmente da persoa que o liderou, ademais de todas as persoas que participaron nesta construción: estudantes, persoal técnico, as CAPD, etc. Con todo ese equipo contamos para poder evolucionar esta estrutura a unha identidade compartida por todos os que formamos parte dela, este é o reto actual.



### **É suficientemente coñecido e valorado o traballo da Escola?**

A Escola neste momento cumpre parte do papel para o que foi creada, traballar pola calidade dos estudos de doutoramento. Para iso contamos con normas, procesos, prazos, etc., pero temos moito traballo nas outras letras do nome: EDIUS. Para a internacionalización podemos dedicar un punto propio, pero falando de “Escola” temos un propósito: facer visible ao estudiantado de doutoramento, a miúdo unha figura “invisible” e atrapada na burocracia. O obxectivo é situalo no centro, priorizando a súa saúde emocional e axudando a lograr unha carreira profesional exitosa, definindo este éxito como alcanzar as súas metas, os seus sonhos, diferentes para cada un de nós, respectando esa diversidade de pensamento que nos fai grandes como academia, permitindo que todos os talentos poidan brillar. Para isto, precisamos dun liderado compartido: as CAPD, os titulares e o persoal de apoio son axentes básicos para que o proceso flúa e que os verdadeiros protagonistas, os máis de 2.750 estudantes que pertencen á EDIUS, atopen nela a súa casa. O seu fogar.

### **Cal cre que debera ser a súa primeira tarefa como directora da EDIUS?**

Como directora o meu papel é guiar a Estratexia. Temos a base nas análises que ao longo destes anos traballamos nas diferentes comisións, cursos, etc. Temos un DAFO do que partir para entre todos analizar o que somos, como estamos en relación a outras escolas e a onde queremos ir. Esta é a primeira tarefa, entender todos os procesos nos que estamos inmersos e tratar de melloralos, con tres obxectivos claros: formación de calidade, inserción laboral e internacionalización. Este é o traballo para os próximos meses, unha vez consensuada esta estratexia co equipo e con todos os axentes definiremos as accións. Para iso precisamos novo equipo e máis recursos humanos. A Escola ten unhas capacidades limitadas no ámbito de acción en decisións de presupostos, recoñecemento de créditos, espazos, políticas de internacionalización, etc. Temos claro o que queremos facer e iso é o que transmitirá o novo equipo de goberno para poder desenvolver accións concretas.

### **Se tivera que nomear as necesidades máis importantes da Escola, que destacaría nos primeiros postos?**

A Escola é unha organización diminuta nun gran coloso que é a USC. A nivel organizacional somos un departamento dunha organización con sistemas de goberno que nos afectan e nos que temos capacidade de intervención. Esa é a maior necesidade neste momento, recuperar competencias para poder dar resposta aos problemas que o noso estudiantado afronta no día a día. Se queremos ser Escola e xestionar programas precisamos que

**As CAPD, os titulares e o persoal de apoio son axentes básicos para que os verdadeiros protagonistas, os máis de 2.750 estudantes da EDIUS, atopen aquí a súa casa. O seu fogar**

**A EDIUS foi o lugar desde o que quixen devolver á sociedade o que esta me deu, tras unha carreira académica que non sería posible sen as persoas que nos precederon e que dedicaron o seu tempo e esforzos a estas tarefas**

a estrutura de apoio e xestión dos programas sexa coordinada dende a escola, con persoal especializado, formado e con competencias recoñecidas neste ámbito tan específico. Se queremos ter unha Escola, precisamos un edificio para que ademais de que as persoas de xestión exerzan o seu labor, poida desenvolverse a formación, os espazos de coworking, así como espazos habilitados para os representantes do estudantado, reunións, etc. En definitiva, un espazo de acollida, coas portas abertas aos nosos estudantes. Por último, non podemos ser internacionais sen un centro de acollida para estes doutorandos e doutorandas, coas súas dúbidas, coa integración nun novo idioma ou en todo caso cultura, con itinerarios de formación específicos que lles permitan integrarse.

#### **Xa pensou nos nomes das persoas que ocuparán as subdireccións?**

Nun primeiro momento acompañarame o equipo actual. Afortunadamente están comprometidos con esa evolución da que falabamos e ter tempo para propoñer persoas comprometidas e con ganas de aportar nesta nova etapa.

#### **Considera que o doutoramento está suficientemente valorado fóra do ámbito académico?**

Nalgúns países e en determinados ámbitos si, pero, en xeral, temos traballo por facer. Neste sentido, hai dous labores importantes nos que estamos a traballar e que nos gustaría reforzar. Por unha banda, o contacto coas empresas, onde xa colaboramos estreitamente coa AVTE e coa área de transferencia. Pero aínda queda traballo na parte de investigación, nos grupos e nos centros. Temos que traballar máis sincronizados para non solapar esforzos, senón multiplicalos.

#### **Cal sería a outra?**

Debemos traballar tamén na área interna. Temos unha liña nos plans de investigación que se denomina “Plan de transferencia”, e o noso obxectivo é lograr que o estudantado interiorice que o que fai —sexa investigación básica ou aplicada— ten implicacións claras na sociedade. Ademais de todo isto, están as soft skills: superar un doutoramento implica resiliencia, traballo autónomo e resolución de problemas, calidades que son moi valoradas no mercado laboral.

#### **Que papel xoga a internacionalización na estratexia da EDIUS?**

Non podemos chamarnos EDIUS coa palabra “Internacional” no nome sen que este sexa un eixo estratéxico. Para progresar neste camiño, imos actuar en dúas fronte:



1. Na operativa: deixando máis claros os procesos tanto para os estudantes de fóra como para os que queren saír.

2. Na estratexia: definindo cales son os nosos mercados prioritarios de captación de recursos humanos e traballándoos con accións específicas en programas Erasmus, programas de cooperación, etc.

### **Que medidas se deberán impulsar para apoiar o benestar, a orientación e a empregabilidade das persoas doutorandas?**

Son dúas áreas moi relevantes ás que nos estamos aproximando a través da formación e do *mentoring*. Estreamos este curso un novo programa Erasmus para o doutoramento que ten por título “Enhancing Mental Balance and a Resilient Academic Community Ecosystem”, iso permitirá dotar de recursos a área. Ademais, temos un *WellBieng Center for PhD students* para desenvolver moito traballo nos próximos anos. Na área de inserción laboral, ademais da carreira académica, ofrecemos, de modo coordinado coa área de transferencia, outras oportunidades, pero queda moito camiño por percorrer no doutoramento industrial e na colaboración coas empresas.

### **Como se garante a calidade e excelencia dos programas de doutoramento?**

Temos sistemas de garantía, acreditacións, etc., pero iso son mínimos. Buscar a excelencia implica definila, con obxectivos claros para os programas, métricas que indiquen se os logran e incentivos para levalos a cabo. O exemplo que empregamos nas aulas de primeiro de Economía é o caso do barco Zong (1781). A tripulación botou ao mar a máis dun cento de persoas escravizadas e despois os donos intentaron cobrar o seguro alegando que fora unha “perda

de carga” necesaria para salvar o resto (a través da lóxica “avaría grossa”, que permite reclamar cando se “alixeira” parte da carga para salvar o buque). O incentivo perverso era que o seguro podía cubrir a “carga perdida no mar” en certas circunstancias, pero non necesariamente as mortes por enfermidade ou as perdas en terra, de xeito que o esquema de compensación xeraba unha motivación económica.

### **Como pode a EDIUS contribuír a achegar a investigación á sociedade e ao tecido produtivo?**

Por varias vías. A máis inmediata é dinamizando nas nosas redes os resultados dos nosos estudantes. Concursos como o 3MT teñen que converterse nun evento de cidade. Niso estamos, abrindo os nosos eventos á cidadanía. A comunicación científica é básica, iso temos que logralo colaborando cos investigadores e investigadoras, cos Centros e Institutos, cos grupos, etc. Por último, e dende logo non menos importante, as empresas e organizacións, achegando esforzos a través dos clústers, de programas conxuntos de transferencia.

### **Se tivese que xurar o prometer o cargo faríao co firme compromiso de...**

... poñer ás persoas no centro, coidar a calidade e a excelencia dos programas, fortalecer a internacionalización e a empregabilidade, e construír unha Escola próxima, acolledora e útil para toda a comunidade universitaria e para a sociedade á que nos debemos.

EDIUS NOVAS

## Máis de 400 prazas dispoñibles no segundo período de matriculación para iniciar o doutoramento na USC

Este mes de febreiro comeza o prazo do segundo período de matriculación para os estudos do PD da USC

Son un total de 406 prazas correspondentes a 53 PDs da EDIUS que aínda teñen prazas dispoñibles. O programa de doutoramento con máis prazas vacantes é o de Ciencia e Tecnoloxía Química (37), seguido polo de Medicina Molecular (23) e o de Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos (20).

Para iniciar os trámites deste segundo período de matriculación, estas son as datas que as persoas interesadas deberán ter en conta:

| DATAS IMPORTANTES 2º PERÍODO 2026 |                         |
|-----------------------------------|-------------------------|
| Solicitud de admisión             | 30 xaneiro - 5 febreiro |
| Publicación relacións provisorias | 13 febreiro             |
| Reclamación relacións provisorias | 14 – 17 febreiro        |
| Publicación relacións definitivas | 24 febreiro             |
| 2º período de matrícula           | 25 – 27 febreiro        |

A solicitude de novas admisións en programas de doutoramento realizarase a través da [Secretaría Virtual](#). O alumnado cumprimentará os datos persoais e de acceso requiridos na solicitude de admisión, incluíndo na mesma o documento de identidade e copia da titulación de acceso e, de ser o caso, achegar os documentos adicionais e específicos que se lle esixan por parte do programa de doutoramento no que solicita a admisión.

As Comisións Académicas dos programas de doutoramento realizarán a selección do alumnado e publicarán as listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa, na Sede Electrónica da USC e na Secretaría Virtual do/a solicitante.

A matrícula dos programas de doutoramento incluírá tanto a tutela académica como outros aspectos organizados de formación investigadora que comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa.

 [Ir ao sumario](#)

## PRAZAS A OFERTAR NA SEGUNDA CONVOCATORIA DO CURSO 2025/26

| Programa de Doutoramento                                      | Prazas |
|---------------------------------------------------------------|--------|
| Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento           | 7      |
| Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses              | 5      |
| Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria                  | 6      |
| Biodiversidade e Conservación do Medio Natural                | 6      |
| Ciencia de Materiais                                          | 9      |
| Ciencia e Tecnoloxía Química                                  | 37     |
| Ciencias da Visión                                            | 4      |
| Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión                        | 10     |
| Ciencias Odontolóxicas                                        | 13     |
| Ciencias Sociais e Envellecemento                             | 1      |
| Comunicación e Información Contemporánea                      | 6      |
| Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde              | 8      |
| Desenvolvemento Rexional e Integración Económica              | 1      |
| Didáctica das Ciencias Experimentais                          | 4      |
| Economía e Empresa                                            | 9      |
| Endocrinoloxía                                                | 8      |
| Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética             | 8      |
| Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil                | 7      |
| Enxeñaría Química e Ambiental                                 | 10     |
| Enxeñaría Termodinámica de Fluídos                            | 2      |
| Epidemioloxía e Saúde Pública                                 | 8      |
| Estatística e Investigación Operativa                         | 8      |
| Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe | 3      |
| Estudos da Literatura e a Cultura                             | 5      |
| Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura | 3      |
| Estudos Medievais                                             | 7      |

## PRAZAS A OFERTAR NA SEGUNDA CONVOCATORIA DO CURSO 2025/26

| Programa de Doutoramento                                                              | Prazas |
|---------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| Filosofía                                                                             | 4      |
| Física Nuclear e de Partículas                                                        | 17     |
| Historia Contemporánea                                                                | 13     |
| Historia, Xeografía e Historia da Arte                                                | 11     |
| Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias                                   | 5      |
| Investigación Agraria e Forestal                                                      | 6      |
| Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias                              | 5      |
| Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos                                       | 20     |
| Investigación en Tecnoloxías da Información                                           | 2      |
| Láser, Fotónica e Visión                                                              | 6      |
| Lingüística                                                                           | 5      |
| Lóxica e Filosofía da Ciencia                                                         | 4      |
| Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas              | 5      |
| Matemáticas                                                                           | 4      |
| Matemáticas e Aplicacións                                                             | 8      |
| Medicina e Sanidade Veterinaria                                                       | 8      |
| Medicina Molecular                                                                    | 23     |
| Medio Ambiente e Recursos Naturais                                                    | 17     |
| Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas           | 6      |
| Neurociencia e Psicoloxía Clínica                                                     | 6      |
| Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social                                          | 9      |
| Protección do Patrimonio Cultural                                                     | 3      |
| Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario | 4      |
| Relacións Laborais e Recursos Humanos                                                 | 8      |
| PD en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia                               | 4      |
| PD en Turismo                                                                         | 6      |

EDIUS NOVAS

## Terceira tempada da serie audiovisual 'Investigamos na USC'

O Servizo de Medios Audiovisuais da USC (SERVIMAV) lanza a terceira tempada da serie audiovisual *Investigamos na USC*. A través de pequenas pímulas duns poucos minutos, que se publicarán cada xoves [na canale oficial de YouTube da USC](#), poderase profundar na actividade investigadora de diversos grupos da Universidade.

**Na entrega do 22 de xaneiro** abordáronse as adiccións a través da entrevista á profesora Ana López Durán. As adiccións son trastornos que fan que as persoas desenvolvan tolerancia, o que as leva a consumir cada vez máis da substancia aditiva e acaba condicionando a súa vida e saúde. No Instituto de Psicoloxía da USC (IPsiUS), a Unidade de Tabaquismo leva anos axudando a deixar o tabaco con métodos exclusivamente psicolóxicos. Grazas a estes programas, preto de 15.000 persoas xa conseguiron abandonar este hábito. Nas vindeiras semanas, a serie deterase en eidos como a acuicultura, a robótica, raios cósmicos, estruturas de nanografeno ou na investigación en novas humanidades.



↩ Ir ao sumario

**EDIUS** **NOVAS**

## A Academia de Ciencias Veterinarias de España premia un traballo do Campus Terra

A Real Academia de Ciencias Veterinarias de España recoñeceu co XI Premio Vetia Natural Solutions (Mariano Illera Martín) unha investigación da investigadora do IBADER e doutoranda do Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria do Campus Terra, Elena Niceas Martínez Díez, xunto cos profesores Joaquín Fernández Bermúdez, Cristina Castillo Rodríguez e Rodrigo Muiño Otero.

O galardón, dotado con 3.500 euros, recoñece o traballo “Resposta endócrina e reprodutiva ao estrés térmico en vacún leiteiro de clima oceánico. Evidencias de campo e estratexias para a súa mitigación”.

A investigación forma parte da súa tese doutoral e foi desenvolvida no marco do proxecto “Estudo do cambio climático sobre a saúde e o benestar, a eficiencia reprodutiva e a calidade do leite nas explotacións lácteas da provincia”, co financiado con fondos do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra.



[↩ Ir ao sumario](#)



## ENTREVISTA

Falamos coa doutoranda do Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria do Campus Terra, Elena Niceas.



Elena Niceas  
Martínez Díez

## «O estrés térmico é un problema real e en aumento en Galicia»

### Poderías resumirnos brevemente de que vai a investigación premiada?

O traballo premiado xorde da integración dun artigo da miña tese de doutoramento e dun TFG realizado no departamento de Patoloxía Animal. Analizamos datos climáticos en catro granxas da provincia de Lugo para cuantificar a presenza de estrés térmico e, a partir de aí, valorar o seu impacto no vacún leiteiro. Grazas á colaboración desas granxas, puidemos confirmar que o estrés térmico é un problema real e en aumento en Galicia. No noso contexto, o factor clave non é tanto alcanzar temperaturas moi altas, senón a combinación cunha humidade elevada, que dificulta a termorregulación do animal. Por iso, o traballo inclúe unha proposta de medidas de mitigación baseadas nos nosos achados e na evidencia científica dispoñible.

### Que te levou a investigar sobre este tema?


A idea nace dunha proposta do meu director de tese, Rodrigo Muíño Otero, cando eu estaba buscando idear un traballo experimental para o meu TFG. Coincidiu co que el ía iniciar nesta liña e ofréceme incorporarme desde o principio. A min encaixoume totalmente por dous motivos: primeiro, porque o estrés térmico é un problema que os gandeiros xa estaban percibindo no campo, incluso en Galicia; e segundo, porque era unha oportunidade de facer investigación aplicada, da que pode saír unha mellora real en benestar, produtividade e reprodución. Por iso decidín implicarme e desenvolve-lo até convertelo tamén en parte da miña tese.

### Que supón para ti este recoñecemento?

Fíxome moita ilusión. Ás veces na investigación tes a sensación de que o traballo queda en artigos e non chega ao día a día. Este premio dáme a sensación contraria: que o que estamos a estudar interesa e pode axudar. Síntoo como un pulo para seguir e como unha forma de agradecer a quen colaborou, porque sen a colaboración dos gandeiros e sen o equipo de investigación isto non sería posible.

### Hai algunha persoa ou institución á que lle queiras dedicar este premio?

Gustaríame dedicar este recoñecemento ao Campus Terra, no marco do proxecto “Estudo do cambio climático sobre a saúde e o benestar, a eficiencia reprodutiva e a calidade do leite nas explotacións lácteas da provincia”, financiado con fondos do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela que regula o Campus de Especialización Campus Terra. Tamén ao IBADER, como instituto ao que pertenzo, e ao equipo de coautores: Rodrigo Muíño Otero, Lucía Díaz González, Joaquín Hernández Bermúdez e Cristina Castillo Rodríguez. E quero facer unha mención especial ás explotacións gandeiras participantes pola súa confianza e dispoñibilidade.



## O Ráncing Times Higher Education 2026 by Subject destaca á USC en once materias

A USC destaca nun total de once materias segundo o [\*The World University Rankings by Subject 2026\*](#). A clasificación elaborada por Times Higher Education (THE) salienta a Universidade de Santiago de Compostela en Artes e Humanidades (chanzo 301–400), Ciencias Empresariais e Económicas (posición 601–800), Ciencias da Saúde (401–500), Ciencias da Computación (601–800), Educación (501–600), Enxeñaría (801–1000), Dereito (251–300), Ciencias da Vida (601–800), Física (601–800), Psicoloxía (501–600) e Ciencias Sociais (601–800). A clasificación avalía a docencia no relativo á contorna de aprendizaxe, a contorna investigadora, a calidade da investigación, a proxección internacional e os procesos de transferencia.

Ademais desta clasificación por materias, THE publica con carácter anual unha listaxe xeral de universidades que veu a luz o pasado mes de outubro. Nesta versión global do ráncing, a Universidade de Santiago de Compostela sitúase no [\*\*chanzo 601-800 do mundo\*\*](#). A USC, que ocupa o oitavo posto a nivel estatal, destaca especialmente pola calidade da investigación realizada, pola súa proxección internacional e pola capacidade da institución para captar investimentos procedentes do tecido industrial e para obter patentes.

Máis información  
[nesta ligazón](#).



**EDIUS** **NOVAS**

## Aberto o prazo para enviar propostas de cursos para a Universidade de Verán de 2026



Daniel Arias Ferreiro, Gabriel Otero Moreira, Alejandra García Calvo, Patricia Hermida Sestayo, Marta Pereira Ferrer, Rocío Cordeiro Rey e Pablo Rodeiro Otero conforman a participación da USC na nova promoción do programa de Doutoramentos Industriais da Xunta de Galicia. Ao abeiro desta iniciativa, o estudantado poderá realizar as súas respectivas teses de doutoramento en empresas ou centros tecnolóxicos.

A USC encabeza o número de doutoramentos industriais con sete estudantes na presente promoción, seguida da UVigo con cinco e da UDC con dous. Bioloxía, enxeñaría, física, informática e química son as áreas de coñecemento nas que se concentran as investigacións a desenvolver nesta edición.


Ademais de potenciar a captación de talento e a creación de emprego de calidade, os doutoramentos indus-

triais tamén promoven a transferencia de coñecemento das universidades ao tecido produtivo e fomentan a realización de proxectos de investigación industrial en empresas. Estimula, así mesmo, a incorporación do persoal doutor nestas entidades unha vez que remata a axuda, dándolle continuidade á bolsa da Xunta.

Os proxectos de investigación buscan resolver as necesidades e retos da empresa ou centro tecnolóxico receptor. As axudas cobren os custos de contratación e os gastos relacionados co proxecto tanto na universidade como na empresa, ao tempo que ofrecen apoios para a realización de estadias no estranxeiro.

Ao longo do tempo, levan xa colaborado con esta iniciativa un total de 61 empresas e 15 centros tecnolóxicos do conxunto da comunidade galega, sendo 43 alumnos da USC, 20 de UVigo e 13 da UDC.

[Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades Fevereiro 2026

### How to transfer my research to society? Training in Innovation Skills



4, 11, 18 e 25 de. Xaneiro de 2026  
Actividade *online*. Microsoft TEAMS  
Matrícula: do 21 ao 28 Xaneiro 2026  
Horario: 9:30h - 12:30h

### Deseño e preparación de presentacións



20 e 27 de febreiro de 2026 (on line) e 6 de marzo de 2026 (presencial)  
Actividade *online* e Aula Galeno Fac. Veterinaria (Lugo) para presencial  
Matrícula: do 5 ao 12 de xaneiro de 2026  
Horario: 9:30h - 13:30h

### Investigación cualitativa apoiada polo software ATLAS.ti



20 e 27 de febreiro e 6 de marzo de 2026  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre  
